

“PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA PARA A PROTECCIÓN INTEGRAL DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA E PARA A IGUALDADE REAL E EFECTIVA DAS PERSOAS TRANS E PARA A GARANTÍA DOS DEREITOS DAS PERSOAS LGTBI QUE PARTICIPEN NO PROGRAMA ‘CAMPAMENTOS A LANZADA’

(Aprobado por Resolución presidencial número 20230003020, de 17 de abril de 2023)

Primeira. Introducción

A protección das persoas menores de idade é unha obriga prioritaria dos poderes públicos, recoñecida no artigo 39 da Constitución española e en diversos tratados internacionais, entre os que se destaca a Convención sobre os dereitos da infancia, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España en 1990.

A Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (BOE núm. 134, de 5 de xuño), ten como obxecto garantir os dereitos das nenas, nenos e adolescentes á súa integridade física, psíquica, psicolóxica e moral fronte a calquera forma de violencia, para asegurar o libre desenvolvemento da súa personalidade a través de medidas de protección integral que inclúan a sensibilización, a prevención, a detección precoz, a protección e a reparación do dano en todos os ámbitos nos que se desenvolva a súa vida. Esta aplícaselles ás persoas menores de idade que se atopen no territorio español, con independencia da súa nacionalidade e da súa situación administrativa de residencia, e ás e aos menores de nacionalidade española no exterior, nos termos establecidos no artigo 51.

Así mesmo, a Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, ten por finalidade garantir e promover o dereito á igualdade real e efectiva das persoas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (en adiante LGTBI), así como o das súas familias.

O artigo 4 da norma citada, dispón que os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, desenvolverán todas as medidas necesarias para recoñecer, garantir, protexer e promover a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación e identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais das persoas LGTBI e das súas familias desenvolvendo ao longo do seu articulado as medidas de actuación en distintos ámbitos, incluído o ocio e o deporte, entre outros.

En consecuencia, son obrigas da Deputación de Pontevedra, por unha banda, garantir que as actividades dirixidas ás persoas menores de idade se desenvolvan nun entorno seguro, adoptando mecanismos de prevención, detección precoz e intervención fronte a posibles situacións de violencia, e, por outra, asegurar que se adopten as medidas precisas para garantir e promover o dereito á igualdade real e efectiva das persas lesbianas, gais, trans, bisexuais e intersexuais (LGTBI), e tamén o das súas familias,, para darlles cumprimento ás disposicións recollidas citadas normas.

As obrigas establecidas na normativa mencionada, e que esta institución incorpora a este protocolo, esíxenselles a todas as persoas físicas e xurídicas, publicas ou privadas que participen de xeito directo ou indirecto no campamento de verán "Campamentos A Lanzada", para garantir a implementación de medidas de sensibilización para o rexeitamento e a eliminación de todo tipo de violencia sobre a infancia e a adolescencia; establecer medidas de prevención efectivas; impulsar a detección precoz; reforzar os coñecementos e as habilidades das nenas, nenos e adolescentes para que sexan parte activa na promoción do bo trato; reforzar os seus dereitos; garantir a especial atención a quen que se atope en situación de especial vulnerabilidade; asegurar a actuación coordinada entre distintas administracións públicas; garantir a erradicación e a protección fronte a calquera tipo de discriminación e a superación dos estereotipos de carácter sexista, racista, homofóbico, bifóbico e transfóbico ou por razóns estéticas, de discapacidade, de enfermidade, de aporofobia ou de exclusión social ou por calquera outra circunstancia ou condición persoal, familiar, social ou cultural, entre outros.

Así mesmo, garantirase o cumprimento das disposicións previstas na Lei 4/2023, de 28 de febreiro, adaptando o desenvolvemento das actividades do campamento e o uso das instalacións (aseos, duchas, vestiarios, cociña, comedor, tendas de acampada e bungalows) ás persoas que participen nesta actividade (menores, equipo de monitoras e monitores e persoal de cociña e comedor).

Segunda. Ámbito de aplicación

Este protocolo é de aplicación a toda a actividade que se desenvolva no campamento, tanto en relación cos nenos e nenas participantes en cada quenda coma con todo o equipo de persoal que xestiona a actividade, directora ou director, monitoras e monitores, persoal de enfermería, socorrista, persoal de cociña e comedor, persoal de mantemento da instalación, e con todas as persoas físicas e xurídicas que teñan relación con todas e cada unha das actividades e servizos que se presten.

Os comportamentos incluídos neste protocolo e calquera outro de natureza análoga previsto na Lei orgánica 8/2021 e na Lei 4/2023 son inadmisibles, e aquelas situacións que excedan das competencias da Deputación de Pontevedra serán debidamente documentadas e informarse delas ás administracións competentes na materia.

Terceira. Definicións

Para os efectos previstos na lexislación aplicable incluímos as seguintes definición:

Violencia: toda acción, omisión ou trato negligente que priva as persoas menores de idade dos seus dereitos e do seu benestar, que ameaza ou interfere no seu correcto desenvolvemento físico, psíquico e social, con independencia da súa forma ou medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a violencia dixital.

Enténdese como violencia, maltrato físico, psicolóxico ou emocional os castigos físicos, humillantes e denigrantes, ou o descoido ou o trato negligente, as ameazas, as injurias e calumnias, a explotación; o que inclúe a violencia sexual, a corrupción, a pornografía infantil, a prostitución, o acoso sexual, o ciberacoso, a violencia de xénero e a difusión pública de datos privados, así como a presenza de calquera comportamento violento no ámbito familiar.

Bo trato: aquel que respecta os dereitos fundamentais das nenas, nenos e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito á igual protección da lei, á igualdade de oportunidades e á prohibición de discriminación das nenas, nenos e adolescentes.

Respecto ás obrigas recollidas na lei trans, teranse en conta as definicións contempladas no artigo 3 da devandita norma.

Cuarta. Situacións, actitudes e comportamentos non admisibles

A título enunciativo e non taxativo, son totalmente inaceptables e implicarán consecuencias inmediatas, previo expediente tramitado para o efecto, as seguintes:

- Facer preguntas íntimas que se relacionen cos comportamentos definidos como violentos na cláusula anterior.
- Realizar actos humillantes en forma de novatadas.
- Facer calquera tipo de comentario sexista, despectivo ou inadecuado.

- Utilizar palabras groseiras ou malsoantes e expresións ou bromas e chistes de contido sexual, homófobo, racista, lesbófobo, tránsfobo ou calquera outro de natureza análoga.
- Usar expresións agresivas que provoquen terror ou medo, así como a intimidación verbal
- Enviar mensaxes indesexadas a través da comunicación instantánea ou das redes sociais.
- Tirar fotos nos vestiarios con o sen roupa e subilas ás redes sociais
- Realizar un excesivo ou inadecuado acercamento no contacto corporal
- Manter calquera actitude, comportamento, acción ou omisión que contradiga os principios da Lei orgánica 8/2021 e da Lei 4/2023, coas consecuencias previstas nesas normas.

De acordo co principio de proporcionalidade, e no ámbito das súas competencias, a Deputación adoptará de xeito inmediato as medidas que estime oportunas ante calquera comportamento que poña en risco a saúde e o benestar das nenas e nenos, das e dos monitores e do persoal de cociña e comedor que participen nos campamentos.

Quinta. Obrigas das empresas que presten os servicios ou realicen as actividades

Segundo o previsto no artigo 48 da Lei orgánica 8/2021, as empresas ou entidades que leven a cabo o programa lúdico e a restauración estarán obrigadas a cumprir este protocolo e designar a figura da delegada ou delgado de protección, ao que as persoas menores de idade poderán acudir para expresar as súas inquietudes e quen se encargará de darlles difusión e de cumprir protocolos establecidos, así como de iniciar as comunicacións pertinentes nos casos nos que se detectase unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia, así como adoptar as medidas necesarias previstas na norma.

Así mesmo, deberán cumprir as obrigas establecidas na Lei 4/2023, de 28 de febreiro.

Sexta. A quen e como pedir axuda

Calquera persoa que sexa presunta vítima dalgunha das condutas ou actuacións contempladas no protocolo, ou teña coñecemento destas situacións, poderá solicitar axuda verbalmente ou por escrito poñéndose en contacto coa persoa delegada de protección no Centro de Vacacións da Lanzada.

Sétima. Procedemento de actuación

Unha vez solicitada esta axuda por parte de calquera persoa que sexa presunta vítima ou teña coñecemento dunha situación inaceptable, a persoa delegada de protección contactará co Servizo de Xuventude e Reto Demográfico nun prazo máximo de 24 horas desde que é coñecedora desta.

O servizo encargarse de facer o labor de instrución e de elaborar un informe-proposta de actuación inmediata, adoptar as medidas de corrección que procedan e, se houbera indicios de actuacións que excedan do ámbito de competencias da Deputación de Pontevedra, de poñelo en coñecemento da Administración competente.

Oitava. Avaliación, seguimento e rexistro

En cada quenda farase un rexistro de incidencias relacionadas coa materia e un seguimento destas; así mesmo, recolleranse as medidas de corrección adoptadas.

Novena. Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada polas delegadas e delegados de protección das empresas adxudicatarias, pola Inspección Médica de Deputación de Pontevedra e por persoal técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Se fose necesario, poderase contar coa asistencia técnica de psicólogas e psicólogos da Cidade Infantil Príncipe Felipe.